**NOTA DE PRENSA**

# O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia entrega os premios literarios "Rosa de Cen Follas"

---

*Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2015*- O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia fará entrega mañá martes 1 de decembro dos premios literarios "Rosa de Cen Follas". O concurso, convocado polo COPG, cumpre xa a súa oitava edición.

Na modalidade de poesía, a galardoada este ano é María A. Rey Torrente, mentres que na categoría de narrativa, a autora recoñecida é Gisela Mato Rivera. Será a decana do COPG, dona María Rosa Álvarez, quen fará entrega dos recoñecementos, acompañados dun premio en metálico para cada modalidade e da tradicional rosa conmemorativa. As gañadoras serán convidadas a ler as súas pezas ás persoas asistentes.

O acto comezará ás 20:00 horas, na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, situado na rúa Espiñeira, número 10 (Baixo), en Santiago de Compostela.

**Saúdos,**

Se desexan solicitar **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:
**Saúdos,**

Eliana Martíns
981 534 049 / 699 908 968
comunicacion@copgalicia.gal